

BOAS NOITES, BUFO!

Texto e ilustracións de PAT HUTCHINS

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 20 x 24 cm. 36 páx. 15 €

LIBRO DESTACADO (ASOC. DE BIBLIOTECARIOS DE AMÉRICA), 1972

Boas noites, Bufo! (galego)

ISBN 978-84-8464-825-3. Tras os montes.

¡Buenas noches, Búho! (castelán)

ISBN 978-84-92608-75-1. Clásicos contemporáneos.

Gabon, Hontza! (euskara)

ISBN 978-84-7681-772-8. Gaur egungo klasikoak.

Boa noite, Mocho! (português)

ISBN 978-989-749-004-0. Clássicos contemporáneos.

Bufo tentaba durmir.

As abellas zoaban,

bzzz, bzzz,

e Bufo tentaba durmir.

O esquiño crebaba nocés,


crac, crac,

e Bufo tentaba durmir...

«Boas noites, Bufo!» é un álbum para pre-lectores e primeiros lectores que destaca pola súa estrutura repetitiva e acumulativa. Ao longo do relato vanse aproximando ao protagonista outros animais cuxas voces, durante o día, non lle deixan conciliar o sono. As onomatopeas facilitan familiarizarse cos sons, facendo que o público sexa partícipe da narración do conto.

Ademais do achegamento á fauna e ao coñecemento do medio natural, tamén permite o xogo mnemotécnico, polo que se trata dun libro ideal para desenvolver estratexias de lectura. A estes alicientes súmase un inesperado final cheo de humor.

Acorde coa sinxeleza da historia, Pat Hutchins elabora unha proposta gráfica simple e colorista, cun único escenario onde transcorre a acción. A medida que avanza as páxinas, as pólas dunha árbore vanse poboados dos distintos habitantes do bosque, con cadanseus cantos e ruídos característicos.



■ **Temática:** conto acumulativo e repetitivo, coñecemento do medio.

■ **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** animais, bosque, números, sons e onomatopeas, xogo mnemotécnico; libro destacado pola Asociación de Bibliotecarios de América (1972); da autora de «[O paseo de Rosalía](#)», «[Onde está o poliño de Rosalía?](#)» e «[Unha festa sorpresa](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/boas-noites-bufo-g>

Pat Hutchins

(Reino Unido, 1942 - 2017)

A sexta de sete irmáns, Pat Hutchins medrou rodeada de campo e de natureza, unha circunstancia que reflectiu na súa obra. Dende moi nova soubo que quería ser artista, ao que a animou unha parella de anciáns que premiaban cada debuxo seu cunha barra de chocolate. Estudou nunha escola local de arte durante tres anos antes de ampliar a súa formación na Academia de Arte de Leeds, onde se especializou en ilustración. Ao principio, a súa obra limitouse ao circuíto comercial artístico de Londres pero, despois de casar, viviu unha tempada en Nova York, onde lle amosou a súa obra -con moito éxito- a varios editores. «O paseo de Rosalía» foi o seu primeiro álbum infantil, Libro Destacado en 1968 pola Asociación de Bibliotecarios de América. Dende entón escribiu varias novelas e creou numerosos libros ilustrados. Foi galardoada en 1974 coa prestixiosa Medalla Kate Greenaway.

<http://pathutchins.com>

